



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO ALTO MINHO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DO EURES TRANSFRONTEIRIZO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Economía, Emprego e Industria formalizou coa Comunidade Intermunicipal do Alto Minho o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía Emprego e Industria, e máis a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho para a realización das seguintes actividades que figuran no Convenio VS/2016/0320, relativo á aprobación pola Comisión Europea e pola Consellería de Economía Emprego e Industria do orzamento e subvención comunitaria para EURES Transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal.

- *Actividade nº 2.1.2. Dinamización da Rede de Colaboradores EURES-T nos Concellos do Alto Miño Transfronteirizo*
2.108,02€



- *Actividade nº 5.2.2. Foro Profesionais da Formación*
8.444,40€
- *Actividade nº 8.2. Grupo de Traballo Seguridade Social /Servizos Locais*
948,70€

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria é a consellería a quen lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito laboral, que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e outras entidades de economía social, orientación e promoción laboral.

Que polo Real Decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, emprego e formación, transferencia que foi efectivamente asumida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en virtude do Decreto 289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 175/2015, do 3 de decembro polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que como consecuencia da transferencia citada, é a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral, a responsable de levar a cabo as accións de intermediación no mercado de traballo, e en concreto, as relativas á inscrición e rexistro de demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorización de axencias de colocación e Rede EURES.



Dentro da Rede EURES atópase o servizo EURES-Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de traballadores e empresarios.

Que o EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal foi creado con data 15/12/1997 mediante a sinatura dun convenio marco de colaboración entre distintos socios, entre os cales se atopan, entre outros, a Xunta de Galicia o Instituto de Emprego e Formación Profesional, (Lisboa-Portugal) e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho, entidade non lucrativa.

O Convenio Marco de colaboración foi ratificado con data de 31/05/2010.

Dito convenio establece en base á Decisión 2003/8/CE da Comisión de 23 de decembro de 2002, entre outros, os seguintes obxectivos:

- a) Asegurar a circulación de información relativa ás ofertas e demandas de emprego entre as rexións fronteirizas.
- b) Asegurar a transparencia de información relativa ao mercado de traballo e ás condicións de vida e traballo nestas rexións.

O citado convenio especifica no artigo 1º a necesidade de conquistar conxuntamente os obxectivos antes mencionados entre todos os socios e no artigo 5º a preparación dun plan de traballo global no que se especifiquen as actividades de cada socio, entre as que se atopan as de información e difusión que neste período se lle encomendan á Comunidade Intermunicipal do Alto Minho.

Así mesmo, establece no seu artigo 11º que os Servizos Públicos de Emprego de xeito rotativo, sexan os únicos perceptores da contribución da Comisión Europea, conforme ao artigo 10º e que procedan á distribución dos fluxos financeiros entre os respectivos socios.



De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, queda xustificado o carácter singular da axuda e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública (pois só poderán acceder os socios participantes do EURES Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, socios cos cales se convenia), e atendendo ás especificidades do obxecto do convenio.

É por isto que, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, responsable da xestión das accións transferidas anteriormente indicadas e sendo perceptora dos fondos financeiros comunitarios considera esencial a realización por parte da Comunidade Intermunicipal do Alto Minho das actividades relacionadas na cláusula primeira do convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 28 de agosto de 2017.

